

## Encontros de Embarcacións Tradicionais: XX anos en Galicia e XVIII en Bueu

O pasado ano cumplíronse vinte anos desde o primeiro Encontro bianual de Embarcacións Tradicionais que tivo lugar en 1993 convocado pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial. A estes eventos adoitan concurrer como convidados non só as asociacións pertencentes á FGCMF, senón tamén numerosas entidades afins de Galicia, Portugal, Irlanda, Francia, País Vasco, Cataluña, Andalucía, Levante ou Illas Baleares, así como particulares e institucións relacionadas co mundo tradicional do mar.

Nestes Encontros, ademáis da concorrencia de embarcacións tradicionais do patrimonio marítimo galego e doutras zonas xeográficas, teñen lugar actos culturais e de lecer, conferencias, coloquios, exposicións, publicacións, música e danza tradicional, artesanía... que teñen como obxecto principal poñer de manifesto a riqueza do

noso patrimonio marítimo e fluvial galego e a necesidade de conservalo.

Á mostra dos traballo de recuperación patrimonial feito polas diferentes asociacións, hai que sumarle o que con-



levan de dinamización social e lúdica das comunidades mariñeiras onde se celebran, converténdose nunha festa atractiva para os veciños e visitantes das localidades que acollen estes Encontros. Asemade, contribúen tamén á visualización e dinamización de sectores como a carpintería de ribeira, a velaría, os efectos navais, artesáns..., e á potenciación dun turismo sostible en base aos atractivos turísticos das comunidades da beiramar.

Para apoiar e contribuir na ampliación e cumprimento dos obxectivos que vimos de expoñer, fúndase en Bueu, a Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais "Os Galos". Durante estes anos, a nosa Asociación veu traballando arreto no labor de revalorización da cultura marítima tradicional da zona, desandando o rumbo de desfeita e desmemoria que se viña producindo anteriormente.

**Dirección / Redacción:** Ana Gil

**Colaboradores:** João Baptista, Iddr Boukerkour, Arturo Cidrás, Xerardo Dasairas, Luis Davila, Ana Gil, Marta Lemos, Lucía Novas, Celestino Pardellas, Keith Payne, Salvador Rodríguez, Xaime Toxo

**Diseño e maquetación:** O'Xedas

**Promove:** osgalosbueu@yahoo.es

**ISSN:** 1888-606X

**Depósito Legal:** PO - 459/2006

**Imprime:** Imprenta Deputación



Xa que logo, conseguimos co esforzo dos socios e a axuda das administracións públicas e empresas colaboradoras, recobrar o protagonismo e a vida mariñeira tradicional nos nosos portos, tanto no relativo ás embarcacións tradicionais como a toda manifestación que a cultura mariñeira leva implícita.

Grazas a iso, hoxendía contamos cun bo número de embarcacións dispoñibles para navegar: botes polbeiros, xeiteiras, dornas, traíñas, galeóns..., todas elas distintivas e exclusivas de Bueu e nalgúns casos, únicas nas nossas rias e en Galicia.

Grazas aos socios, aos colaboradores e ao apoio dos veciños de Bueu, non só se fixo posible isto, senón tamén a celebración dos Encontros na nosa vila e a concorrencia aos encontros galegos e internacionais, destacando especialmente o apoio e concienciación necesaria para a recuperación do asteleiro de Purro.

Tampouco debemos esquecer a edición da nosa publicación e as numerosas actividades culturais realizadas, entre as que destacamos a homenaxe, feita en xaneiro de 2007, ao profesor Staffan Mörling na que o concello lle outorgaría o nomeamento de Fillo Adoptivo de Bueu.

### ÍNDICE

	Páx.		Páx.
<b>Editorial.....</b>	1	<b>Humor: O Bichero.....</b>	24
<b>O teu corpo (poema).....</b>	2	<b>Da ausència.....</b>	25
<b>Ons: Alternativas turísticas.....</b>	3	<b>Afrontando o Gran Sol.....</b>	27
<b>Os barcos trincados.....</b>	7	<b>Unha "Basca" do corso.....</b>	29
<b>Regateira rapaza.....</b>	11	<b>Imaxes para a lembranza.....</b>	30
<b>Humor: O Bichero.....</b>	12	<b>Addenda "A bordo das Ons".....</b>	31
<b>Popa ao Gran Sol.....</b>	13	<b>Barcos de papel.....</b>	34
<b>As Ostras.....</b>	16	<b>A escuadra de Galicia.....</b>	36
<b>Homenaxe aos naufragos.....</b>	20	<b>Poemas: Keith Payne.....</b>	38
<b>A necesidade do lugar.....</b>	21	<b>Actividades "Os Galos".....</b>	39

